

RESUMO DA ORDE DO 20 DE ABRIL DE 2016, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A EDIFICIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA.

Publicación: DOG nº 88 do 10/05/2016

CONVOCATORIA 2016

Prazo de presentación das solicitudes para a convocatoria do 2016: do 11/05/2016 ata 11/07/2016 (2 meses)

O obxecto desta subvención é axudar as comunidades de propietarios de edificios de vivendas protexidas promovidas polo IGVS, para levar a cabo obras necesarias para rehabilitación reparación e adecuación aos requisitos de seguridade, funcionalidade e habitabilidade, nestes edificios.

Esta subvención é compatible con axudas de organismos públicos ou privados, e tendo en conta que a suma total delas non supere o custo total das actuacións.

1. Ámbito de aplicación

Edificios de **vivendas protexidas promovidos polo IGVS** ou os transferidos que cumpran as seguintes condicións:

- Que as vivendas do edificio non estean descualificadas no momento de solicitar a axuda.
- Que teñan unha antigüidade de mais de 10 anos

A descualificación faise efectiva pasados 30 anos dende a data da cualificación definitiva do edificio, sen necesidade de declaración administrativa de tal circunstancia.

Non están dentro do ámbito de aplicación aqueles edificios que pola súa antigüidade (mais de 30 anos) estean descualificados, aínda que teñan algunha vivenda sen descualificar por calquera das circunstancias posibles.

2. Beneficiarias

As comunidades de propietarios das vivendas do ámbito de aplicación, que cumpran as seguintes condicións:

- Non ter recibido outra axuda do IGVS para as mesmas obras, nos 10 anos anteriores.

3. Actuacións subvencionables

- Adecuación estrutural e obras fronte a accidentes ou sinistros
- Adecuación ás condicións de habitabilidade (acústica, térmica, estanquidade, e instalacións térmicas)
- Adecuación funcional (mellora accesos aos servizos xerais de auga, telefonía, etc.)
- Adecuación das condicións de accesibilidade (ramplas, pasamáns, ascensores, etc)

Non entrarían aquelas obras de simple mantemento.

Se o edificio non reúne as condicións necesarias de seguridade estrutural, non se subvencionarán as actuacións b), c) e d) se non se solicita a a).

Non necesariamente se concede a subvención a todas as actuacións pedidas nunha mesma solicitude, pódese subvencionar actuacións solicitadas illadamente.

4. Orzamento subvencionable

- Custo total da execución das obras correspondentes as actuacións subvencionables.
- Honorarios facultativos de redacción do proxecto, de dirección das obras, de elaboración do IAE.
- Taxas e licenza das obras.

(O orzamento subvencionable inclúe o IVE)

Unha vez resolta a concesión de subvención, non se poderá modificar o importe total da mesma, salvo que sexa por un importe inferior ao definido na mesma. Pódense modificar os diferentes importes do orzamento subvencionable (honorarios, licenza ou execución da obra), sempre que non altere o importe total e que as obras correspondan coas actuacións aprobadas na resolución de concesión.

5. Orzamento e contía da subvención nesta convocatoria

O orzamento total previsto para esta convocatoria está repartido nas seguintes anualidades

2016: 469.129,12

2017: 800.000,00

A contía total prevista na subvención é ata o 60% dos gastos correspondentes ao orzamento subvencionables e ata un máximo de 4.000 euros por vivenda.

6. Documentación que se presentará dirixida á Área Provincial correspondente do IGVS

6.1 Coa solicitude (Anexo I do procedemento VI 420A) ata o 11/07/2016, en papel ou vía electrónica

a) Documentación administrativa

- Os documentos de identidade da comunidade e do representante da mesma.
- Certificado do secretario do acordo da comunidade da realización das obras, da petición de subvención, e datos da persoa que a represente a efectos da subvención.

b) Documentación técnica

- Memoria descritiva das obras e do seu orzamento desagregado por tipo de actuación.
- Fotografías das zonas que se queren reparar ou rehabilitar.

No momento da solicitude non se lle pide a comunidade o IAE, na propia solicitude as comunidades deben facer unha declaración de que teñen este informe.

6.2 Unha vez seleccionados como beneficiarios para a concesión da subvención notificaranse aos interesados e requirirase a seguinte documentación para a proposta de resolución (prazo de 2 meses dende a notificación e requirimento)

- Proxecto de execución ou memoria técnica das obras de acordo co solicitado polo concello para a licenza, en función da obra a realizar.
- Orzamento desglosado por tipo de actuacións emitido pola empresa encargada da execución das obras.
- O informe de avaliación dos edificios. (Deberán entregalo en formato papel asinado e en formato dixital exportado a XML) Poden cubri-lo dende a aplicación do ministerio de fomento: <https://iee.fomento.gob.es/>

6.3 Cando teñan rematadas as actuacións e soliciten o pago da subvención (Anexo II).

- Certificados de que a comunidade está ao corrente e non ten débedas coa Xunta, Axencia tributaria e a Seguridade Social (no caso que deneguen a súa consulta)
- Certificado final de obra e das instalacións que procedan.
- Fotografías que mostren as obras executadas
- Facturas de todos os gastos subvencionables (Taxas de licencias, factura de honorarios facultativos de redacción, dirección das obras e elaboración do IAE, factura da execución das obras emitida pola empresa que as realizou)
- Xustificantes de pagamento polo total dos gastos subvencionables, se non ceden o seu crédito ao contratista*.

*No caso que os beneficiarios da concesión da subvención decidan ceder o crédito da mesma ao contratista, deberán presentar coa documentación anterior o acordo de cesión (anexo III). Neste caso solo presentarán os xustificantes de pagamento polo importe non cedido.

7. Execución das obras

7.1 Inicio das obras.

As obras executaranse de acordo co proxecto ou a memoria técnica presentada e coa licenza de obras.

Aínda que con carácter xeral as obras iniciaranse unha vez notificada a resolución de concesión, as comunidades de propietarios poderán iniciar as obras sempre que notifiquen tal circunstancia á Área Provincial do IGVS, e despois de presentada a solicitude da subvención. En ningún caso as obras poden estar iniciadas antes da presentación da solicitude de subvención.

7.2 Prazo de execución das obras

Na resolución de concesión especificarase a anualidade na que deberán rematar as obras para proceder ao pago das mesmas.

Aínda que as obras rematasen antes da anualidade prevista na resolución da concesión, deberá agardarse a anualidade recollida na resolución para solicitar o pago da mesma.

7.3 Pagamento da axuda.

Unha vez rematadas as obras, a comunidade de propietarios poderá solicitar o pago da subvención na anualidade establecida na resolución de concesión.

O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria, logo da resolución do Director Xeral.